



Sr. Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do  
Territorio  
Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Consultas na avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto de "Planta de xeración eléctrica a partir de biomasa, de 50 Mw" promovido por RENOVA, S.L. no concello de Curtis (A Coruña), clave 2016/0164.

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa solicitude de información sobre os trámites de avaliación de impacto ambiental do

## EXPÓN:

1. Que, como oportunamente sinalou a SGHN durante o proceso de información pública do Plan Galego de Acción fronte ó Cambio Climático, o programa de mitigación debera contemplar "A utilización de biomasa para usos térmicos industriais só despois dunha auditoria enerxética e de gases de efecto invernadeiro (GEIs) que certifique un balance favorable no consumo de combustibles fósiles e emisións de GEIs considerando globalmente a recollida, transporte, preparación e combustión da biomasa."
2. Que calquera proxecto para o aproveitamento de fontes enerxéticas renovables, máxime se está financiada directa ou indirectamente con fondos públicos, debera demostrar obrigatoriamente uns efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.
3. Que a insistencia sobre a "reducción real da liberación de gases de efecto invernadeiro" reflectía as dúbidas de SGHN sobre os supostos beneficios para a mitigación do cambio climático global que se atribúen moitos proxectos de aproveitamento enerxético de biomasa. Non só SGHN ten dúbidas ao respecto, como amosa a opinión do Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) feita pública o 15 de setembro de 2011 (<http://www.eea.europa.eu/about-us/governance/scientificcommittee/sc-opinions/opinions-on-scientific-issues/sc-opinion-on-greenhouse-gas>).

Por todo o cal

## SOLICITA

1. Que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental exisa ao promotor unha avaliación previa rigorosa da súa sostibilidade en termos de:
  - a. Reducción real no consumo de combustibles fósiles (balance favorable de TEP xeneradas fronte as consumidas).
  - b. Reducción real da liberación de gases de efecto invernadeiro (balance favorable inmisións-emisións de GEIs, non só de CO<sub>2</sub>).
  - c. Efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.

En Santiago de Compostela a 25 de outubro de 2016

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/10/2016 12:46:12

ENTRADA 27299 / RX 2790642

